



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

D. Daniel Angel Lamas Bello, Secretario do Concello de Val do Dubra (A Coruña)

CERTIFICO

Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 17 de xuño de 2020, adoptou entre outros o acordo que transcrito literalmente di:

“5.- INFORMES DE SERVIZOS.

5.4.- Dáse conta do expediente para a cobertura da brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais, ó amparo do Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e o Concello de Val do Dubra para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018 cofinanciado parcialmente polo Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020, asinado en data 26 de xuño de 2016, así como da Addenda de data 20 de decembro de 2019, que ten por obxecto a cooperación en materia de protección do medio ambiente, protección civil e prevención e extinción de incendios, e se informa que comprende un capataz, un peón conductor e tres peóns forestais. Finalmente acompañanse as Bases para a selección e certificado de Intervención da existencia de consignación orzamentaria para a execución do gasto.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos os membros da Xunta de Goberno Local:

1.- A aprobación das bases para cobertura da brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais e que transcritas literalmente din:

“BASES QUE HAN DE REXER A PROVISIÓN EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE UN CAPATAZ, UN PEÓN CONDUCTOR E TRES PEÓNNS FORESTAISS PARA A CREACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAISS NO EXERCICIO 2020

1.- Obxecto da convocatoria

Constitúe o obxecto destas Bases a aprobación da convocatoria e regulación do proceso selectivo para a provisión mediante contratación laboral, de duración determinada, por obra ou servizo, durante tres meses e a xornada completa (40 horas semanais), de 1 praza de Capataz, 1 de Peón Conductor e 3 de Peóns Forestais para a Brigada de Prevención e Defensa contra incendios forestais, anualidade 2020.

2.- Obxecto do Contrato

As funcións a desenvolver consisten nas tarefas propias dos citados postos de traballo nas brigadas de prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto do convenio asinado coa Consellería de Medio Rural, consistentes na realización, por parte de todos os membros da brigada, de tarefas de limpeza de masa forestal e extinción de incendios forestais.

3.- Requisitos das persoas aspirantes.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

a) Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras nos termos

Val do Dubra, naturalmente



definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo isto nos termos do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público.

- b) Ter cumpridos os 18 anos da idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño de funcións propias do posto de traballo, que será xustificada mediante Informe Médico.
- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para exercer as funcións propias do posto. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Dispoñer do permiso de conducir tipo B.

Titulación específica para o posto de Capataz

Para o posto de Capataz é requisito imprescindible estar en posesión da titulación de Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente, ademais do permiso de conducir tipo B.

4.- Forma e prazo de presentación de instancias

4.1.- As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde do Concello de Val do Dubra e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste último caso deberase remitir copia da solicitude ao Fax 981 889100 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes presentaranse no prazo de dez (7) días naturais a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria nun xornal dos de maior tirada da provincia.

A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

4.2.- A solicitude deberá ir acompañada da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos e, no seu caso, dos méritos alegados, en orixinal ou en fotocopia cotexada.

5.- Admisión das persoas aspirantes

5.1.- Despois de rematar o prazo para presentar solicitudes, o alcalde ditará, a resolución que declare aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñerán dun prazo de tres días naturais, seguintes aos da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou as emendas de defectos.

5.2.- Posteriormente, o alcalde ditará resolución na que se aprobará a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, e se recollerán as puntuacións obtidas polos aspirantes admitidos na fase de concurso. A citada resolución publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello. Na devandita resolución sinalarase o día e a hora na que os aspirantes comparecerán para realizar a proba teórica.

6.- Procedemento selectivo



O sistema de provisión será o concurso – oposición.

FASE DE CONCURSO-BAREMACIÓN:

Será a seguinte:

1.- Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes, calcularase do seguinte xeito; 0,10 puntos por mes de servizo ou fracción superior a 15 días, ata un máximo de **2 puntos**.

Xustificarse polos seguintes medios: Informe de Vida Laboral e Certificados de Empresa ou Contratos de Traballo.

2.- Por cursos relacionados directamente coa actividade a desenvolver, impartidos pola Administración Pública ou homologados, ata un máximo de **3 puntos**:

- De máis de 100 horas: 0,75 puntos.
- De máis de 70 horas ata 100 horas: 0,50 puntos.
- De máis de 40 horas ata 70 horas: 0,35 puntos.
- De máis de 15 horas ata 40 horas: 0,20 puntos.
- De menos de 15 horas: 0,10 puntos.

3.- Polo coñecemento do idioma galego, computándose unicamente o grao superior acreditado e concedéndose validez en exclusiva aos cursos ou titulacións homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

- Celga 2: 0,10 puntos.
- Celga 3: 0,25 puntos.
- Celga 4 ou equivalente: 0,50 puntos

4.- Pola inscrición acreditada como demandante de emprego, (**só se puntuará dende a última alta como demandante de emprego**): 0,01 puntos por cada mes completo ou fracción superior a 15 días ata un máximo de **0,50 puntos**.

Este apartado só se computará a aqueles aspirantes que na data de presentación da solicitude estean inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia e que así o acrediten.

FASE DE OPOSICIÓN:

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade.

Proba teórica:

Consiste nun exame teórico que terá por finalidade avaliar os coñecementos do posto, os coñecementos do territorio así como a dispoñibilidade do aspirante. Puntuarase ata un máximo de **5,00 puntos**. A falta de presentación do aspirante á proba teórica significará a súa exclusión inmediata do proceso selectivo.

Entrevista persoal:

Esta fase completárase cunha entrevista persoal onde se valorará a aptitude e a actitude do candidato/a ó posto referido, esta proba terá unha puntuación de **5,00 puntos**, e programárase o día e a hora da



entrevista unha vez publicados as listaxes dos resultados das probas teóricas, pasando a dita entrevista soamente dous aspirantes por posto (10 candidatos).

7.- Desempates

No caso de que dous ou máis aspirantes empataran nas puntuacións finais, é dicir, despois da suma das puntuacións outorgadas na fase de concurso e do exame, os empates dirimiranse do xeito seguinte:

Prevalecerá aquel que posúa maior tempo de inscrición como demandante de emprego, de persistir o empate, terase en conta a maior experiencia laboral acreditada relacionada co posto.

8.- Aprobados

Logo de establecer a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as que se basea na súa puntuación e por orde decrecente e resultarán aprobados/ as os/as que, tendo en conta o número de prazas (5 prazas) obtivesen as notas máis altas. Ditos aspirantes terán que pasar unhas probas físicas e médicas para completar o proceso selectivo. Que consistirán no seguinte:

8.a) Proba Médica

Terá un resultado de apto/ non apto. Realizaranse os análises e controis establecidos. No caso de resultar non apto, suporá a exclusión inmediata do proceso.

8.b) Proba Física

Terá a cualificación de apto/ non apto. Consistirá en camiñar 3.200 m sobre terreo chan cun peso de 11 Kg. Ás costas nun tempo máximo de 30 minutos ou na proba do banco, aínda sen concretar. Os aspirantes deberán vir provistos de zapatillas de deporte e dunha mochila cargada co peso antedito. Non está permitido correr durante a realización. Recoméndase levar roupa lixeira transpirable e permítese levar líquidos para hidratación.

No caso de resultar non apto, suporá a exclusión inmediata do proceso.

No suposto de que os/as seleccionados/as **non superen as probas físicas e médicas**, convocarase para as devanditas probas ao seguinte da listaxe que obtivera maior puntuación total e así sucesivamente ata cubrir as prazas ofertadas.

9.- Publicidade

A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación nun xornal dos de maior tirada da provincia, así como no taboleiro de edictos e na páxina web deste Concello.

Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos/das aspirantes, e sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e as bases como os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, poderán publicarse na web municipal, despois de publicarse no taboleiro de edictos do Concello. Estas publicacións na web non terán validez para os efectos de computar os prazos e a información de carácter persoal contida nestas será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, ao asinaren a solicitude para participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todas as cláusulas establecidas na presente convocatoria e as bases reguladoras.

Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e de uso restrinxido.



10.- Resolución

Concluído o proceso selectivo, o Concello de Val do Dubra publicará as puntuacións acadadas por cada un dos aspirantes por orde decrecente no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web <http://www.valdodubra.es>

A cualificación definitiva do proceso selectivo será o resultado da suma das puntuacións outorgadas na fase de concurso e de oposición.

Co resto dos candidatos formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles renuncias ou outras vacantes, ou para atender necesidades imprevistas.

11.- Documentación

As persoas aspirantes propostas para formalizar o contrato laboral, deberán presentar nun prazo máximo de dous días naturais dende a publicación da lista de candidatos os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade da conta bancaria
- b) Copia da Tarxeta Sanitaria ou número da Seguridade Social.

No caso de que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

12.- Protección de datos

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Val do Dubra, onde poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaria solicitude asinadas por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consintan o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ó procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

13.- Recursos

As presentes Bases e cantos actos se deriven desta impugnanse cos medios e forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; e o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

ANEXO

MODELO DE SOLICITUDE PARA O PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS 2020

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

SINALE O QUE PROCEDA:

CAPATAZ PEÓN CONDUCTOR PEÓN

DATOS PERSOAIS:

APELIDOS E NOME:
D.N.I.:
DATA E LUGAR DE NACEMENTO:
TELÉFONO:
DOMICILIO (rúa, número, piso):
CÓDIGO POSTAL, CIDADE E PROVINCIA:

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para o proceso selectivo dunha brigada de incendios forestais, aporto a seguinte documentación;

DNI.

Documentación que acredite o cumprimento dos requisitos.

Documentación acreditativa dos méritos alegados

Polo exposto, SOLICITA:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo referido, e declara baixo xuramento:

Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que se desempeñan no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Autorizar, ó Servizo Local de Emprego do Concello de Val do Dubra a consulta dos datos co SEPE que poidan ser baremables no devandito proceso.

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

Val do Dubra, ____ de _____ de 2020.

Asdo:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA.””

2.- Publicar as presentes Bases no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal, e anuncio nun xornal dos de maior tirada da provincia.””

Para que así conste, ós efectos oportunos, expido o presente por orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente e ca salvedade do artigo 206 do ROF, en Val do Dubra.

Vº e Prace
ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo. José Manuel Varela Ferreiro

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello

Val do Dubra, naturalmente